



# MANIFESTACIÓN-CONCENTRACIÓN

1 abril 2023 as 12:00 Praza dos cabalos  
VIGO

Vigo, 28 de marzo do 2023

Vitor Manuel Mariño Fernández  
Secretario da Sección Sindical da CUT Citroen 695151270  
[citroen@cutgaliza.org](mailto:citroen@cutgaliza.org)

A CUT Citroen convoca a unha MANIFESTACIÓN na cidade de VIGO o SABADO 1 DE ABRIL 2023, dende as 12:00 horas e ate as 13:45 dende a Praza dos Cabalos, dirixíndose pola GranVía dirección Urzaiz, rúa Colon ata a Delegación da Xunta de Galicia en Vigo e rematando con CONCENTRACIÓN de 15 min. e rolda de prensa, ate as 14:00 horas.

O obxectivo da manifestación é poñer a disposición das persoas traballadoras, as ferramentas precisas para rexeitar o continuo goteo de medidas de flexibilidade, que Stellantis Vigo, está a poñer sobre as costas da clase obreira e denunciar o desigual reparto de beneficios, para con quen máis aporta.

No 2014 a empresa someteu a chantaxe á plantilla de Vigo para a adxudicación do novo modelo de furgonetas, implementando novas medidas de flexibilidade e unha rebaixa de complementos salariais que supuxo entón ao 5 %, ademais da conxelación salarial durante 5 anos e da creación dunha nova categoría de entrada. Posteriormente estes recortes se consolidaron nos sucesivos convenios colectivos.

Agora que a saúde financeira do grupo está no seu mellor momento, declarando intensas subidas de beneficios ano tras ano, parece que tampouco é o momento de repercutir eses beneficios nas persoas traballadoras, que somos quen xeramos eses beneficios co noso esforzo e a costa da precarización das nosas condicións laborais, sociais i económicas.

O recoñecemento para as persoas traballadoras do Centro de Vigo coa paga de beneficios, que non esta consolidada no salario, demostra a nula responsabilidade social de STELLANTIS despois de anunciar :

*"Según ha explicado Carlos Tavares, el dinero se repartirá "en concepto de profit-sharing y bonus variable entre l@s trabajador@s de Stellantis en todo el mundo". Son "200 millones más que el año anterior y un reconocimiento justo de la contribución de toda la plantilla de Stellantis" para hacer que Stellantis gane en un contexto económico muy exigente."*


*"Cuando las cosas van bien para la compañía, van bien para tod@s l@s trabajador@s, de eso trata nuestra cultura de pay for performance", sentencia el CEO"*

Unha paga de beneficios que non compensa o esforzo e sacrificios da clase traballadora, que este ano e **616€ menor que a do ano pasado e 2.573€ menos que a aplicada en Francia**. Logo dos **beneficios estratosféricos do grupo +26%** a nosa paga descende un **-26%**


Na actualidade está aberto o debate sobre a sostibilidade do sistema público de pensións, esta merma salarial, repercute tamén na merma das cotizacións a seguridade social, **é preciso pedir responsabilidade social as empresas que ingresan miles de millóns**, para que o reparto da riqueza sexa homoxéneo para todas as persoas traballadoras.

Ano	Vigo	Diferenza	Francia	USA	Beneficios
2015	130 €	870 €	1.000 €		
2016	561 €	1.089 €	1.650 €		
2017	1.150 €	850 €	2.000 €		
2018	1.400 €	1.200 €	2.600 €		2.827 MLL
2019	1.591 €	2.219 €	3.810 €		3.584 MLL
2020	1.770 €	2.330 €	4.100 €		2.173 MLL
2021	1.970 €	1.030 €	3.000 €		13.354 MLL
2022	2.343 €	1.657 €	4.000 €	\$14.000	16.779 MLL
2023	1.727€	2.573 €	4.300 €	\$14.560	

A pesares de que a fabrica de Vigo, **segundo datos públicos recopilados así como con datos do propio grupo**, segue sendo das máis rendibles e produtivas, non só do anterior grupo PSA, se non do actual grupo Stellantis e das mais de 40 plantas que ten repartidas por todo o mundo, así como tamén de tódolos fabricantes instalados no estado. Namentres o CEO Tavares (cobrando 23 millóns de euros + bonus de salario anual) pide máis axustes para optar a novos proxectos.



Datos de produción no estado durante o ano 2021



Datos de producción del grupo durante el año 2021





A estes datos de produtividade temos que engadir a continua precarización das nosas condicións laborais, aumentando cada vez máis as medidas de **flexibilidade non pagada**, o que redunda nun maior aumento dos beneficios:

O non respecto do preaviso mínimo que exige a lexislación (5 días), para comunicar os días de parada ou de arrancada, **usando abusivamente** as causas de forza maior para **un problema estrutural**, que xa non pode ser considerado conxuntural (coñecido e arrastrado dende hai tres anos), co beneplácito das administracións. Avisando en moitos casos con menos de 24 horas de antelación e con chamadas da xerarquía durante o noso tempo de lecer.

O uso abusivo do ERTE como un mecanismo máis de flexibilidade que neste caso pagamos as persoas traballadoras e a administración cos cartos públicos. Modificando constantemente o calendario de aplicación, **comunicado nalgún caso con menos de 8 horas de antelación**.

As continuas modificacións de xornadas nas quendas variables, poñendo e quitando días hábiles, así como aumentando e reducindo os horarios durante a propia xornada laboral.


Agora temos que engadir **o desfrute das nosas vacacións fraccionado en tres periodos, tamén a custe cero** e avisando só con dous meses de antelación.

Todas estas medidas de flexibilidade, **impiden de facto**, poder ter **unha mínima organización persoal**, para poder conciliar a nosa vida laboral coa familiar ou social. Podemos afirmar que as persoas traballadoras da Citroen **nos vemos obrigadas a vivir no caos e cunha incerteza constante**. Todo sexa en nome da produtividade e dos beneficios....

Estes derradeiros meses nos topamos tamén con que **a empresa difunde intencionadamente mensaxes alarmistas na prensa**, acompañados do silencio na adxudicación das novas plataformas, para así **condicionar a obtención de axudas das distintas administracións (Goberno central, Xunta de Galicia, Concello de Vigo e Zona Franca)**. Xa teñen o compromiso da alta tensión, o PERTE, e agora o seu seguinte obxectivo será a adxudicación do 2º PERTE.

Na CUT sempre exiximos que as axudas repercutan na mellora das condicións laborais e poñan freo a imparable precarización das condicións que está acometendo a dirección planta de Vigo, pero que tamén vaian acompañadas con garantía de proxectos, e repercutan na mellora das condicións sociais i económicas das persoas traballadoras.

É unha obriga das administracións, solicitar como contrapartidas a estas axudas públicas, emprego de calidade, salarios dignos e non supeditar a asignación de novos modelos a redución de custes, que sempre saen do mesmo colectivo, O COLECTIVO OBREIRO.



Evolución do custe medio por hora traballada, Planta de Vigo

Do sector da automoción viven máis de 25.000 familias na comarca de Vigo. A precarización na empresa principal, exténdese como unha plaga polas empresas auxiliares.

Namentres eles aumentan os seus ingresos e un maior reparto de dividendos para os accionistas, esa “competitividade” que sempre levan na boca, pola contra, enche ao sector de precariedade e de; empresas multi-servizos, Etts, subcontratación de traballos, externalizacións, e un longo etc... Onde segundo descenden os eslavóns, as condicións son máis precarias tanto no terreo social como no económico.

**Dende a CUT exiximos responsabilidade a esta dirección** para coas persoas traballadoras, **é o que lle corresponde a Stellantis**, como motor principal do sector na comarca. Tamén corresponde as administracións e a clase política exixirle esa responsabilidade a esta dirección.



Por este motivo, a CUT ven de convocar a tódalas persoas traballadoras do Centro de Vigo, do sector e a sociedade en xeral, á unha:

**MANIFESTACIÓN** sen siglas nin bandeiras, aberta a todas as persoas traballadoras e actores políticos e sociais, para o vindeiro **Sábado día 1 de abril do 2023 ás 12:00h**, que sairá dende a Praza dos Cabalos, cun percorrido polas rúas de Vigo e rematará na Sede da Xunta de Galicia en Vigo, na praza da Estrela, onde daremos unha rolda de prensa.

**RECONQUISTEMOS OS NOSOS DEREITOS.**

Agradecemos a súa divulgación e a participación de tódolos actores sociais e políticos na defensa das maiorías sociais.

Atte.

Sección sindical da CUT